

Mércores, 31 de marzo de 2021

Núm. 61

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

GROVE, O

Recadación

EXPOSICIÓN PÚBLICA E COBRANZA DOS PADRÓNS MUNICIPAIS DAS TAXAS DE MERCADOS MUNICIPAIS (BANCADAS, MERCADO E FEIRA AMBULANTE) CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO 2021

ANUNCIO

EXPOSICIÓN PÚBLICA E COBRANZA EN VOLUNTARIA DOS PADRÓNS DAS TAXAS DE MERCADOS MUNICIPAIS (BANCADAS, MERCADO E FEIRA AMBULANTE) CORRESPONDENTES AO 2ºT/2021.

Logo de seren aprobados mediante Resolución da Alcaldía os padróns municipais das taxas de mercados municipais (bancadas, mercado e feira ambulante) correspondente ao 2º TRIMESTRE DO 2021 expóñense ao público, para os efectos de exame e reclamacións, por un período de 15 días, que comezará a contarse a partir do día seguinte en que este anuncio sexa publicado no Boletín Oficial da Provincia.

De conformidade co previsto no artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, regulador das facendas locais, comunícaselles aos/ás contribuíntes afectados/as que o período voluntario de cobranza do mencionado padrón será do 01 de abril ao 30 de xuño de 2021, ambas as dúas datas incluídas, mediante a orde de domiciliación bancaria ou nas oficinas das entidades colaboradoras (na propia oficina bancaria, nos caixeiros automáticos e a través de sede electrónica do concello-pasarela de pagos), empregando os recibos que se enviarán ao domicilio declarado do/da contribuínte por correo ordinario. De non recibir os ditos documentos de pago, deberán solicitar un duplicado nas dependencias da tesourería-recadación do concello do Grove. Para os recibos domiciliados o cargos nas contas bancarias efectuarase a partir do día 31 de maio deste ano.

O vencemento do prazo en período voluntario sen ter satisfeita a débeda determinará o comezo do procedemento de constrinximento, a percepción do recargo do 5, 10 ou 20% e os demais conceptos esixibles.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do art. 102 da vixente Lei xeral tributaria.

Contra o acto de aprobación do padrón poderá interperse un recurso de reposición ante o alcalde-presidente no prazo dun mes, que comezará a contarse desde o día seguinte ao do remate do período da súa exposición pública, de conformidade co previsto no artigo 14 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O Alcalde: Jose Cacabelos Rico. Documento asinado dixitalmente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:566583U5PBGFXXN7B

